



**Expediente: 6636/77.**

**AREA DE SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E  
EMPREGO**  
**PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS  
PARTICULARES**  
**PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE :  
RESTAURACIÓN E ACONDICIONAMIENTO DOS  
NUCLEOS TOURAL E RIOS.**

## **1. OBXECTO DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES**

O obxecto do presente Prego de Prescripcións Técnicas Particulares (en adiante o PPTP) é describi-los traballos e fixa-las condicións técnicas que rexerán no contrato para a execución das obras contempladas no proxecto: **“RESTAURACIÓN E ACONDICIONAMIENTO DOS NUCLEOS TOURAL E RIOS”**

### **2. DEFINICIONES**

No texto do presente prego os termos que se relacionan a continuación entenderanse co significado que respectivamente indicase:

- **Contrato**, entenderase por tal, o contrato de obra ó que se refire o presente prego.
- **Director do contrato**, (en adiante Director) facultativo do Concello de Vigo, que será responsable do seguimento e a correcta execución do contrato. Tódalas relacións directas do Contratista co Concello de Vigo desenvolveranse entre o Director e o Delegado do Contratista a través do Director Facultativo. Para o desempeño da súa función poderán ser designados colaboradores.
- **Contratista**, o licitador que resulte adxudicatario do contrato de obra, sendo polo tanto a parte contratante obrigada a execución das obras.
- **Delegado do Contratista**, (en adiante Delegado) persoa designada expresamente polo Contratista e aceptada polo Concello de Vigo antes da data de comprobación do replateo, debidamente facultado para ostenta-la representación do Contratista cando sexa necesaria a súa actuación ou presenza. Será o responsable das relacións do Contratista co Concello de Vigo a través do Director do contrato.
- **Director Facultativo das obras**, persoa designada polo Concello de Vigo coa titulación técnica adecuada e suficiente, que exercerá especificamente as funcións de comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado, as condicións establecidas nos pregos que serviron de base para a súa contratación e do propio contrato. O Concello de Vigo poderá designar ó Director do contrato como Director Facultativo das obras. No seu caso o Director Facultativo poderá ser persoa contratada polo Concello de Vigo a tal fin. A Dirección Facultativa está obligada a por en coñecemento do Director do Contrato todo incidente ou alteración que puidera xurdir no normal desenvolvemento da execución das obras, especialmente as relativas o contido e exacto cumprimento do contrato.
- **Coordinador de Seguridade e Saúde**, persoa designada polo Concello de Vigo coa titulación adecuada e suficiente, que exercerá especificamente as funcións propias de coordinación en materia de seguridade e saúde. De se-lo caso o Director Facultativo poderá ser designado como Coordinador de seguridade e

saúde. No seu caso o Coordinador de Seguridade e Saúde poderá ser persoa contratada polo Concello de Vigo a tal fin.

- Xefe de Obra, O Contratista designará a persoa coa titulación adecuada e suficiente con dedicación plena e facultado debidamente polo Contratista para organizar a execución das obras, pór en práctica as ordes recibidas da Dirección Facultativa e propor solucións e colaborar con esta na resolución dos problemas que puideran exporse durante a súa execución. No seu caso o Delegado do Contratista poderá ser designado por este como Xefe de Obra.
- Traballos, o conxunto de actividades que deberán realizarse en cumprimento do contrato por parte do Contratista adxudicatario para a execución das obras obxecto do contrato.

O Director do contrato, Director Facultativo e Coordinador de seguridade e Saúde designados, serán notificados ó Contratista polo Concello de Vigo antes da data de comprobación do repranteo.

### **3. NORMATIVA BÁSICA DE APLICACIÓN**

Na execución deste contrato rexerán, a vixente lexislación que regula os contratos das administracións públicas, a vixente lexislación en materia de Seguridade e Saúde e prevención de riscos laborais, o presente PPTP e do PCAP do concurso e o Prego de Prescripcións Técnicas Particulares do Proxecto das obras obxecto do contrato (en adiante PPTPP ).

Do mesmo xeito terase en conta calquera outra normativa sectorial de aplicación ó contrato.

### **4. REALIZACION DOS TRABALLOS**

#### **4.1. VERIFICACIÓN DOS DOCUMENTOS DO PROXECTO**

Antes de encomeza-las obras, o Contratista consignará por escrito que a documentación achegada é completa e suficientemente clara para a comprensión da totalidade da obra contratada. En caso contrario, solicitará a documentación e /ou aclaracións que estime pertinentes para a súa comprensión, coa antelación suficiente, para a correcta execución das mesmas .

#### **4.2. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.**

Dentro dun prazo máximo de quince días naturais dende a data de formalización do contrato, procederase á comprobación do repranteo coa asistencia do Director do contrato, Dirección Facultativa e Contratista. Poderá asistir calquera outro representante do Concello. Levantarase acta por cuadriplicado que deberá ser asinada por todos los intervenientes.

Se o resultado da comprobación confirma a idoneidade e viabilidade do proxecto, así como a dispoñibilidade dos terreos, o Director dará autorización para o encomezo das obras, reflectíndose na acta a dita autorización, comezando a contarse nesa ata o prazo de execución.

Nas obras de infraestruturas hidráulicas, de transporte e de estradas, e no concernente á disponibilidade dos terreos, estarase ó disposto no artigo 129.2 da L.C.A.P.

En caso de discrepancia suspenderase a iniciación das obras, quedando obrigado o Director do contrato a dar conta inmediata o órgano de contratación , que resolverá o que proceda.

En tanto sexa ditada a resolución, as obras consideraranse suspendidas. Desaparecida a causa que motivou a falta de inicio, o órgano de contratación ditará a resolución correspondente, que se notificará fehcientemente ao Contratista.

## **5. OCUPACIÓN DOS TERREOS**

Durante o prazo de ocupación polo Contratista dos terreos do ámbito da obra e ata a recepción definitiva, será responsable da vixilancia dos bens que neles houbera (mobilario urbano, servizos, etc.).

Cando algúñ sector do ámbito das obras estivese catalogado como de cautela arqueolóxica, calquera movemento de terras en dito sector deberá ser autorizado pola Dirección Facultativa previa solicitude do contratista cunha semana de antelación como mínimo.

### **5.1. PRAZO DE EXECUCIÓN**

O prazo de execución das obras será o que figura na cláusula 7 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, ou de ser menor, o expresado na oferta do adxudicatario, que modificará contractualmente o contemplado no PCAP, aínda que non se houbese reflectido explicitamente no contrato. Os prazos parciais serán aqueles que se fixen como tales na aprobación do programa de traballo.

De non fixarse explicitamente no documento administrativo de formalización do contrato, o cómputo do prazo iniciarase dende a data do acta de comprobación do repranteo, se a Administración autoriza o inicio das obras.

O Contratista poderá desenvolver os traballos coa maior celeridade que a necesaria para efectuar as obras no prazo contractual, salvo que, a xuízo da Dirección Facultativa existisen razóns para non estimalo conveniente.

### **5.2. PROGRAMA DE TRABALLO**

O Contratista, no prazo máximo de quince días naturais dende a formalización do contrato haberá de presentarlle o programa de traballos ao Director do Contrato a través da Dirección Facultativa, para ser sometido á aprobación do órgano de contratación. No programa de traballos haberán de especificarse os prazos parciais e datas de terminación das distintas clases de obra, determinarase o seu importe en euros o volume a realizar en cada período. Como complemento e xustificación do programa deberá relacionarse o equipo e maquinaria a empregar.

O órgano de contratación resolverá sobre o mesmo, dentro dos trinta días seguintes á súa presentación, podendo introducir modificacións ou o cumprimento de determinadas prescripcións sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o Contratista queda obrigado á actualización e posta ao día deste programa.

O seguimento do programa de traballo realizarase mediante reunións coa periodicidade que estableza o Director, as que asistirán o Director, o Director Facultativo e o Delegado.

### **5.3. PERSOAL, MAQUINARIA E MEDIOS AUXILIARES**

O Contratista queda obrigado a aportar ás obras, a maquinaria e medios auxiliares que sexan precisos para a correcta execución daquelas nos prazos parciais e totais convídos no contrato ou programa de traballo.

O Contratista deberá adscribir a execución da obra como mínimo o persoal que se indica a continuación:

Personal Técnico:

*1 Xefe de Obra – Enxeñeiro superior ou técnico de obras públicas.*

*1 Topógrafo.*

Personal mínimo medio, incluido o persoal subcontratado indicado no prego de cláusulas administrativas ou en todo caso o establecido na LCAP:

*1 Encargado*

*4 Operarios peóns*

*1 operario técnico*

*1 capataz,*

Os equipos quedarán adscritos as obras no tempo en que se executen as unidades de obra para as que sexan precisos, non podendo ser retirados sen a autorización expresa do Director Facultativo, debendo ser remplazados os elementos inutilizados así como os avariados sempre que o tempo de reparación destes alterara o programa de traballo.

O Contratista no poderá efectuar reclamación algúna fundada na insuficiencia da dotación ou do equipo que o Concello de Vigo houbera podido prever para a execución das obras, áinda que este fose detallado nalgúns dos documentos do proxecto.

### **5.4. RECEPCIÓN E RECUSACIÓN DE MATERIAIS**

O Contratista solo poderá empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo Director Facultativo nos termos e forma que esta sinale para o correcto cumprimento do contrato.

Se a Dirección non aceptase os materiais sometidos ao seu exame, deberá comunicalo por escrito ao Contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión. O Contratista poderá reclamar ante a Concello de Vigo contratante no prazo de dez días, contados a partir da notificación.

Neste último caso, e se as circunstancias ou o estadodd dos traballos non permitisen esperar á resolución polo Concello de Vigo da reclamación deducida, a Dirección Facultativa poderá impoñer ao Contratista o emprego dos materiais que xulgue oportunos, asistindo a este o dereito a unha indemnización dos prexuízos experimentados se a resolución superior lle fóra favorable. En todo caso, a recepción dos materiais pola Dirección Facultativa non exime ao

Contratista da súa responsabilidade de cumprimento das características esixidas para os mesmos no correspondente PPTP.

## 5.5. ABONOS AO CONTRATISTA

### 5.5.1. Medicións.

Só se aboarán ao Contratista a obra que realice, conforme aos documentos do proxecto e, no seu caso, ás ordes recibidas por escrito do Director Facultativo. Por conseguinte, non poderá servir de base para reclamacións de ningún xénero o número de unidades de obra non consignadas no proxecto nin ordenadas polo Director Facultativo.

A medición dos traballos efectuados levaranse a cabo polo Director Facultativo, estando o Contratista obrigado a auxiliar a súa realización cos medios que se lle soliciten, podendo o Contratista presenciar a realización das mesmas.

### 5.5.2. Valoración e certificación

Para cada clase de obra adoptarase como unidade de medida a sinalada no epígrafe correspondente das medicións do proxecto. A medición da obra executada, valorarase aplicando a cada unidade o prezo unitario correspondente do orzamento ou o contraditorio que proceda, que dará lugar á certificación mensual, a cal expedirase pola Concello de Vigo nos dez días seguintes ao mes no que corresponda.

As partidas sinaladas no orzamento a tanto alzado, abonaranse conforme se indica no PPTPP.

Ademais consideraranse aos efectos do seu aboamento:

A) Como «partidas alzadas a xustificar», as susceptibles de ser medidas en tódalas súas partes en unidades de obra, con prezos unitarios.

B) Como «partidas alzadas de aboamento íntegro», aquelas que se refiren a traballos cuxa especificación figure nos documentos contractuais do proxecto e non sexan susceptibles de medición segundo o prego.

As «partidas alzadas a xustificar» aboaranse aos prezos da contrata, con arranxo ás condicións da mesma e ao resultado das medicións correspondentes.

As «partidas alzadas de aboamento íntegro» aboaranse ao Contratista, na súa totalidade, unha vez rematados os traballos ou obras a que se refiran, de acordo coas condicións do contrato e sen prexuízo do que o PPTP poda establecer respecto do seu aboamento fraccionado nos casos xustificados.

Cando se xulgue necesario empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no presupuesto do proxecto base do contrato, a proposta do Director sobre os novos prezos a fixar basearse, en canto resulte de aplicación, nos costos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato e, en calquera caso, nos costos que correspondesen á data na que tivo lugar a licitación do mesmo, ou no seu caso as da data da correspondente revisión de prezos polo órgano de contratación.

Os novos prezos, unha vez aprobados polo Concello de Vigo, consideraranse incorporados a tódolos efectos, aos cadros de prezos do proxecto que serviu de base para o contrato

### **5.5.3. CERTIFICACIÓN**

As certificacións expediránse tomando como base a relación valorada e se tramitarán polo Director nos dez días seguintes ao período que correspondan.

En todo caso as certificacións parciais que se expidan, e as cantidades que se aboén ao Contratista, terán o carácter de pagos parciais co carácter de aboamentos a conta, que non suporán en forma alguma aprobación e recepción das obras que comprenden, a resultas da certificación final das obras executadas, que se expedirá no prazo de trinta días naturais contados a partir da recepción, e a conta da liquidación do contrato.

En canto ao pagamento, disporase na cláusula 28 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

## **5.6. SEGURIDADE E SAÚDE.**

En aplicación do estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, do estudo básico, segundo proceda, de acordo co establecido no artigo 4 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción , o Contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolván e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado polo Concello de Vigo, antes do inicio da obra, co correspondente informe do Coordinador ratificado polo Director Facultativo.

En canto os prazos para presentación e aprobación do plan de seguridade e saúde estarase ao disposto na cláusula 26 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

En todo caso o contratista estará obrigado á observancia da lexislación vixente en materia de prevención de riscos laborais nas obras de construcción.

## **6. DIRECCIÓN DAS OBRAS.**

### **6.1 INTERPRETACIÓN DO PROXECTO.**

Corresponde ó Director Facultativo a interpretación técnica do proxecto e a facultade de ditar as ordes para o seu desenvolvemento.

O Director Facultativo, efectuará a inspección, comprobación e vixilancia para a correcta realización da obra executada, axustándose ao disposto nas cláusulas 4 e 21 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado.

Para o desenrollo das súas funcións poderá contar con colaboradores a súas ordes, que desenvolverán a súa labor en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou de seus coñecementos específicos e que integrarán a « Dirección Facultativa».

Durante o curso das obras realizaranse os replánteos parciais que a Dirección estime convenientes. De todos eles levantarase acta por cuadriplicado exemplar

cos planos correspondentes. Os gastos de material e persoal que ocasionen os replanteos serán por conta do Contratista. Éste permanecerá nas obras dende o seu comezo e durante toda a xornada de traballo.

Será misión exclusiva do Director Facultativo a comprobación da realización das obras, segundo o proxecto, así como as súas instrucións no curso da execución das mesmas.

O Contratista gardará e fará gardar as consideracións debidas ao persoal da Dirección Facultativa, que terá libre acceso a todos os puntos de traballo e almacéns de materiais destinados ás obras para o seu previo recoñecemento.

A Dirección Facultativa poderá ordenar a apertura de calas cando sospeite a existencia de vicios ocultos de construcción ou haberse empregado materiais de calidade deficiente. Os gastos derivados do recoñecemento serán de conta do Contratista sempre que se haberan aterrado as obras sen a previa supervisión e autorización da Dirección Facultativa. Se a Dirección Facultativa houvese autorizado o seu aterramento, de confirmarse deficiencias serán de conta do contratista os gastos de recoñecemento e subsanacións, en caso contrario a Dirección certificará a indemnización que corresponde á execución e reparación das calas, valoradas aos prezos unitarios do orzamento de adxudicación.

A dirección poderá ordenar, con carácter de urxencia, a execución dos traballos necesarios nos casos de perigo inminente ou de obstáculos imprevistos. O Contratista deberá executar tales traballos sen prexuízo de que a dirección das obras promova con posterioridade o regulamentario expediente para a habilitación de crédito adicional.

Durante a execución do contrato, o adxudicatario asumirá as súas responsabilidades inherentes á execución dos traballos e ao control e vixilancia de materiais e obras que execute conforme ás instrucións, de obrigado cumprimento, dadas pola Dirección.

## **6.2. ENSAIOS E ANÁLISIS DOS MATERIAIS E UNIDADES DE OBRA**

A Dirección pode ordenar que se verifiquen os ensaios e análisis de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do Contratista ata o importe máximo establecido no punto 8.6 do prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato.

A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral ao efecto, nin estableza tales datos o PPTPP.

## **7.OBRIGAS DO CONTRATISTA**

### **7.1. OFICINA DE OBRA**

O Contratista habilitará na obra unha oficina na que existirá unha mesa ou taboleiro adecuado, no que poidan estenderse e consultarse os planos. Na devandita oficina terá sempre o Contratista a disposición da Dirección Facultativa:

- Proxecto de Execución completo, incluídos os complementos que no seu caso o Director Facultativo.

- Contrato de obra.
- Libro de Órdes e Asistencias.
- Plan de Seguridade e Hixiene e o Estudo de Seguridade.
- Libro de Incidencias.

## 7.2. LIBRO DE ORDES

O «Libro de Ordes» será diligenciado previamente polo servizo a que este adscrita a obra, abrirase na data de comprobación do replanteo e se pechará na da recepción definitiva.

Durante o dito lapso de tempo estará á disposición da Dirección, que, cando proceda, anotará nas ordes, instrucións e comunicacións que estime oportunas, autorizándolas coa súa sinatura.

O Contratista estará tamén obrigado a transcribir no dito libro, por medio do seu Delegado ou Xefe de Obra, cantas ordes ou instrucións reciba por escrito da Dirección, e a firmar, aos efectos procedentes, o oportuno acuse de recibo, sen prexuízo da necesidade dunha posterior autorización de tales transcripcións pola Dirección, coa súa sinatura, no libro indicado.

Efectuada a recepción definitiva, o «Libro de Ordes» pasará a poder da Concello de Vigo, se ben poderá ser consultado en todo momento polo Contratista.

## 7.3. ALMACENS E DEPÓSITOS

O Contratista deberá realizar pola súa conta as instalacións que puidera necesitar para asegurar a conservación de materiais, evitando a súa desaparición destrucción ou deterioro, previa autorización da Dirección Facultativa. Igualmente no caso de destinar a esos fins algúnsha zona da obra sen instalacións específicas para elo.

## 7.4. OUTRAS OBRIGAS ESPECÍFICAS

O Contratista terá a obriga de:

- Colocar, ao seu cargo, carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do Concello de Vigo.
- Realizar, á súa costa, se así o solicita a Dirección, unha reportaxe fotográfica mensual sobre as mesmas, así como cantas fotografías lle puideran ser esixidas durante a execución daquelas.
- O balizamento da obra de forma que ofrezan a total garantía de inaccesibilidade a vehículos e persoas alleas a mesma.
- Instalar, á súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, as de circulación na zona que ocupan os traballos, así como as dos puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes ou inmediacións.
- Consevar as obras ata a recepción das mesmas. Igualmente, o adxudicatario responderá da vixencia dos terreos así como dos bens que haxa nos mesmos. Se fose requirido polo Director Facultativo, o Contratista terá a obrigación de adscribir, con carácter permanente, persoal de garda nas obras ata a recepción das mesmas. A responsabilidade do Contratista, por faltas que na obra podan advertirse, esténdese ao suposto de que tales faltas se deban exclusivamente a unha indebida ou defectuosa conservación das unidades de obra, aínda que

estas foran examinadas e atopadas conformes pola Dirección inmediatamente despois da súa construcción o en calquera outro momento dentro do período de vixencia do contrato.

## 7.5. TERMINACIÓN DA OBRA

### 7.5.1. DESPEXE FINAL DAS OBRAS.

As zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, restituiranse á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

### 7.5.2. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía comezará a contar dende a data da recepción e será o indicado na cláusula 34 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, ou de ser maior, o presentado na oferta polo Contratista. Os gastos de conservación e vixilancia durante o prazo de garantía serán a cargo do Contratista.

Durante o devandito prazo coidará o Contratista, en todo caso, da conservación e policía das obras con arranxo ao previsto no PPTP e ás instrucións que dite a dirección das obras. Se, a xuízo do Concello de Vigo, se descoidase a conservación, executaranse por ela mesma e a consta do Contratista os traballos necesarios.

Vigo, 9 de decembro de 2009

A Enxeñeira Técnica en Obras Públicas encargada do Proxecto de Rexeneración Urbana do Barrio de Teis

Nancy Rodríguez Padrón

O xefe de servizo de Promoción Económica, Emprego e Desenvolvemento

Francisco J. Gutiérrez Orúe



CONFORME,

O Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá

Santos Héctor Rodríguez Díaz